Problems: *cold, disaster, disease, fear, heat, hunger, injury, pain, poverty, thirst, violence, war.*

Verb + preposition: *allow to, campaign for/against, care for, die of, inform of/about, protect from, provide with, rescue from, suffer from, volunteer to.*

Linguaxe funcional: Preguntar por regras (*Asking about rules*).

FONETICA

Pronunciation: /h/

UNIT 9 – WORDS

FUNCIÓNS DA LINGUAXE

- Expresar o que outras persoas dixeron ou preguntaron.
- Pedir aclaracións.
- Saber responder un cuestionario.
- Dar noticias.

GRAMÁTICA

- Reported speech
- Reported questions

VOCABULARIO

Tema: As palabras e a comunicación.

Léxico:

- Collocations: communication: *have a chat, have a conversation, have a discussion, make an excuse, say a prayer, say sorry, tell jokes, tell a lie, tell stories, tell the truth.*
- Reporting verbs: *agreed to, admit that, ask, complain that, explain that, invite, offer to promise that, refuse to , tell.*

Linguaxe funcional: Dar noticias (*Giving news*).

FONETICA

Pronunciation: contractions.

CURRICULUM EXTRA 1 – History: Female emancipation

FUNCIÓNS DA LINGUAXE

- Falar da emancipación da muller.

GRAMÁTICA

Past simple/past continuous

Past simple/present perfect

Future: present simple, present continuous, will

Will and be going to

VOCABULARIO

Tema: Historia: a emancipación da muller

Léxico:

Relacionado co tema: *century, rights, campaign, suffragettes, political meetings, Parliament, vote workforce, discrimination, emancipation.*

CURRICULUM EXTRA 2 – Language and literatura: Advertising

FUNCIÓNS DA LINGUAXE

- Falar sobre o poder da publicidade.

GRAMÁTICA

- Present, past and future passive
- Active and passive: present, past and future
- Gerunds and infinitives
- Reported statements

VOCABULARIO

Tema:A publicidade

Léxico:

- Relacionado co tema: *advertising, adverts, mass communication, influence, poster campaign, shocking, slogan, information, emotive, banned.*

CURRICULUM EXTRA 3 – Biology and geology: A marine ecosystem

FUNCIÓNS DA LINGUAXE

- Falar dos ecosistemas mariños.

GRAMÁTICA

- Verbs of ability, obligation and possibility
- First conditional
- Second conditional
- Thrid conditional

VOCABULARIO

Tema: Bioloxía e xeoloxía

Léxico:

- Relacionado co tema: *barrier reef, coral reefs, ecosystems, biodiverse, planet, marine life, mollusc, fish, sea snake, humpback whales, ecologically, natural predators, devastating consequences, global warming.*

PROGRAMAS DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR

3º ESO

BLOQUE 1. ESCOITAR, FALAR E CONVERSAR

- Facer e responder preguntas sobre información persoal. Idade, traballo, afeccións...
- Dar consello.
- Describir persoas.
- Facer suxerencias.
- Comparar cousas.
- Habilidades.

BLOQUE 2. LER E ESCRIBIR

- Comprensión de mensaxes sinxelas e localización de datos en textos sinxelos, en soporte papel e dixital, sobre temas cotiás de interese xeral.
- Escribir sobre hábitos, intencións e cousas simples do pasado.
- Imitación de modelos para producir textos.
- Interese pola presentación coidada dos textos escritos, en soporte papel e dixital, utilizando adecuadamente a ortografía e os signos de puntuación.

BLOQUE 3. COÑECAMENTOS DA LINGUA

Coñecementos da lingua

- Preguntas
- Adverbios de frecuencia
- Presente simple e continuo
- Pasdo do verbo to be
- There is/are, was/were
- Pasado simple
- Preposicións de lugar
- Posesión
- Contables e incontables

Reflexión sobre a aprendizaxe

- Observación de elementos repetidos nas frases
- Uso do dicionario
- Memorización de frases e fórmulas
- Contraste entre os distintos tempos verbais
- Localización de frases que serven de exemplo
- Identificación de frases en presente ou pasado

- Inducción de regras gramaticais básicas
- Iniciativa para pedir asesoramento
- Interese por realiza-las tarefas
- Aceptación das novas regras
- Colaboración cos compañeiros
- Interese por mellora-las técnicas do traballo

BLOQUE 4. ASPECTOS SOCIOCULTURAIS E CONSCIENCIA

INTERCULTURAL

- Recoñecemento de similitudes e diferencias entre os costumes dos países de fala inglesa e as nosas
- Participación en intercambios de opinión
- Identificación de obxectos que se relacionan con distintas celebracións
- Comparación entre outras formas de organización e a nosa
- Reflexión sobre a influencia dos costumes nos problemas entre os xoves.
- Valoración doutros costumes
- Actitude receptiva
- Respecto polas outras culturas
- Valoración do inglés como medio de acceso ás fontes da información.

4º DE ESO

BLOQUE 1. ESCOITAR, FALAR E CONVERSAR

- Facer e responder preguntas sobre información persoal: idade, traballo afeccións.
- Expresar opinións.
- Describir persoas.
- Facer previsión do que vai suceder.
- Comparar cousas.
- Pedir nun restaurante, comprar roupa, pedir por teléfono, dar consellos, preguntar o camiño, facer invitacións, expresar gustos.

BLOQUE 2. LER E ESCRIBIR

- Localización de datos en textos que conteñan vocabulario relativo a lugares, persoas, obxectos, acontecementos e accións ligados a temas de conversa habituais na idade do alumnado
- Lectura autónoma de textos curtos relacionados cos seus intereses

- Imitación de modelos para producir textos.
- Composición de textos sobre actividades diarias.
- Presentación cuidada dos textos escritos.

BLOQUE 2. COÑECEMENTOS DA LINGUA

Coñecementos lingüísticos

- *Wh-* questions
- Adverbios de frecuencia e expresións temporais no presente simple.
- Presente simple e continuo
- Preposicións de tempo
- Pasado do verbo *to be*
- Comparativo e superlativo
- Pasado simple
- Preposicións de tempo no pasado
- *Look like* e *be like*
- *Be going to*
- Contables e incontables

Reflexión sobre a aprendizaxe

- Observación de elementos repetidos nas frases
- Uso do diccionario
- Memorización de frases e fórmulas
- Contraste entre os distintos tempos verbais
- Localización de frases que serven de exemplo
- Identificación de frases en presente ou pasado
- Inducción de regras gramaticais básicas
- Aplicación de estratexias para organizar, adquirir, sembrar e utilizar o léxico.
- Iniciativa para pedir asesoramento.
- Participación na avaliación da propia aprendizaxe e uso de estratexias de autocorrección
- Organización do traballo persoal como estratexia para progresar na aprendizaxe
- Participación activa e cooperativa en actividades e traballos grupais

BLOQUE 4. ASPECTOS SOCIOCULTURAIS E CONSCIENCIA INTERCULTURAL

- Recoñecemento de similitudes e diferencias entre os costumes dos países de fala inglesa e as nosas
- Participación en intercambios de opinión
- Identificación de obxectos que se relacionan con distintas celebracións
- Comparación entre outras formas de organización e a nosa
- Reflexión sobre a influencia dos costumes nos problemas entre os xoves.
- Valoración doutros costumes
- Actitude receptiva
- Respecto polas outras culturas
- Valoración do inglés como medio de acceso ás fontes da información
- Uso apropiado, desde o punto de vista sociocultural, de fórmulas lingüísticas en situacións concretas de comunicación para expresar matices semánticos, como cortesía, acordo, discrepancia...
- Valoración do enriquecemento persoal que supón a relación con persoas pertencentes a outras culturas

E.-TEMPORALIZACIÓN:

En 1º ESO en total 105 horas lectivas aproximadamente, dado que se programan charlas, excursións, etc. Calcúlanse 33 horas lectivas por avaliación, o que permite a introducción de material de repaso, de reforzo, proxectos, etc. Prográmanse 4 unidades para a primeira avaliación e 3 para a segunda e terceira.

En 2º, 3º e 4º de ESO un total de 105 horas lectivas aproximadamente, dado que se programan charlas, excursións, etc.. Calcúlanse 33 horas lectivas por avaliación, o que permite a introducción de material de repaso, de reforzo, proxectos, etc. Prográmanse 3 unidades para a primeira avaliación e 3 para a segunda e terceira.

F – CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1º ESO:

- Comprender a idea xeral e as informacións específicas máis relevantes de mensaxes orais emitidas cara a cara por medios audiovisuais sobre asuntos cotiáns se se fala amodo e con claridade
- Comunicarse oralmente participando en conversas e en simulacións sobre temas coñecidos ou traballados previamente, utilizando as estratexias

axeitadas para facilitar a continuidade da comunicación e producindo un discurso comprensible e axeitado á intención da comunicación

- Identificar e interpretar palabras e enunciados sinxelos e contextualizados, en situacións de comunicación significativas para o alumnado, coa axuda de elementos textuais e non textuais, sobre temas variados e outros relacionados con outras materias do currículo
- Redactar de forma guiada textos breves en diferentes soportes utilizando as estruturas, as funcións e o léxico axeitados, así como algúns elementos básicos de cohesión, partindo de modelos e respectando as regras elementais de ortografía e puntuación
- Na lingua propia, comparar aspectos da vida cotiá dos países nos que se fala a lingua estranxeira cos propios, identificando elementos básicos e evitando estereotipos
- Reformular na lingua propia o sentido dun texto, oral ou escrito, sobre temas previamente traballados na aula, para facelo comprensible a interlocutores que descoñecen a lingua estranxeira estudada
- Identificar e utilizar algunhas estratexias utilizadas para progresar na aprendizaxe
- Usar de forma guiada as tecnoloxías da información e a comunicación para buscar información, producir mensaxes a partir de modelos e para establecer relacións persoais amosando interese polo seu uso.

2º ESO:

- Comprender a idea xeral e informacións específicas de mensaxes orais emitidas cara a cara ou procedentes de distintos medios audiovisuais, sobre temas coñecidos
- Participar con progresiva autonomía en conversas e simulacións relativas ás experiencias persoais, plans e proxectos, empregando estruturas sinxelas, as expresións máis usuais de relación social, e unha pronuncia axeitada para conseguir a comunicación
- Comprender a información xeral e a específica de diferentes textos escritos, auténticos e adaptados de extensión variada e axeitados á súa idade, demostrando a comprensión mediante unha actividade específica

- Redactar de xeito guiado textos diversos en diferentes soportes, empregando estruturas, conectores sinxelos e léxico adecuados, coidando os aspectos formais e respectando as regras elementais de ortografía e de puntuación para que sexan comprensibles ao lector e presenten unha corrección aceptable para a comunicación
- Utilizar os coñecementos adquiridos sobre o sistema lingüístico da lingua estranxeira, en diferentes contextos de comunicación, como instrumento de autoaprendizaxe e de autocorrección das produccions propias orais e escritas e para comprender as produccions alleas.
- Identificar, utilizar algunhas estratexias básicas utilizadas para progresar na aprendizaxe
- Usar de xeito guiado as tecnoloxías da información e a comunicación para buscar información, producir textos a partir de modelos e para establecer relacións persoais mostrando interese polo seu uso
- Identificar e poñer exemplos dalgúns aspectos sociais, culturais, históricos, xeográficos ou literarios propios dos países onde se fala a lingua estranxeira e amosar interese por coñecelos
- Reformular na lingua propia o sentido dun texto, oral ou escrito, sobre temas previamente traballados na aula, para facelo comprensible a interlocutores que descoñecen a lingua estranxeira en estudo

3º ESO:

- Comprender a idea principal e algúns detalles relevantes de textos en mensaxes orais sinxelas sobre temas concretos e coñecidos emitidas con claridade.
- Participar en conversas e simulacións breves, relativas a situacións habituais ou de interese persoal e con diversos fins comunicativos, empregando as convencións propias da conversa e as estratexias necesarias para resolver as dificultades durante a interacción
- Comprender a información xeral e todos os datos relevantes de textos escritos auténticos, de extensión variada, recoñecendo feitos e opinións e identificando, no seu caso, a intención comunicativa do autor

- Redactar de forma guiada textos diversos, coidando o léxico, as estruturas, e algúns elementos de cohesión e coherencia para marcar a relación entre ideas e facelos comprensibles ao lector
- Empregar de xeito consciente en contextos de comunicación variados os coñecementos adquiridos sobre o sistema lingüístico da lingua estranxeira como instrumento de autocorrección e de autoavaliación das producións propias orais e escritas e para comprender as producións alleas
- Identificar e utilizar diferentes estratexias empregadas para progresar na aprendizaxe
- Usar as tecnoloxías da información e a comunicación de xeito progresivamente autónomo para buscar información, producir textos a partir de modelos, enviar e recibir mensaxes de correo electrónico e para establecer relacións persoais orais e escritas, amosando interese polo seu uso.
- Identificar os aspectos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira, sinalar as características máis significativas dos costumes, normas, actitudes e valores da sociedade da que se estuda a lingua e amosar unha valoración positiva de patróns culturais distintos aos propios
- Reformular na lingua propia o sentido dun texto, oral ou escrito, sobre temas previamente traballados na aula, para facelo comprensible a interlocutores que descoñecen a lingua estranxeira en estudo.

3º ESO. PROGRAMA DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR

- Comprender e comunicarse no ámbito da clase empregando mensaxes básicas usuais
- Coimprender o esencial de mensaxes adaptadas grabadas ou lidas polo profesor, sobre temas traballados na clase.
- Participar en conversas breves dirixidas polo profesor, utilizando as estratexias necesarias para manter a comunicación, sobre temas de interese ou familiares para o alumno
- Ler e comprender textos escritos adaptados, sinxelos e de extensión limitada, de diferente tipo e traballados na clase
- Usar o diccionario

- Redactar textos sinxelos, con certas incorreccións morfosintácticas e recoñecendo a corrección formal, baseados en tarefas xa realizadas na clase
- Esforzarse en somprender e facerse comprender, e en realizar as tarefas da clase e as probas que esixa o profesor
- Manter unha actitude colaboradora cos compañeiros e mailo profesor
- Distinguir e apreciar as diferencias entre os países de fala inglesa e o noso

4º ESO

- Comprender a idea principal e os detalles máis relevantes de mensaxes orais emitidas en situacións de comunicación interpersonal ou polos medios audiovisuais, sobre temas que no esixan coñecementos especializados.
- Participar en conversas e simulacións utilizando estratexias axeitadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, producindo un discurso comprensible e adaptado ás características da situación e á intención comunicativa
- Comprender a información xeral e específica de diversos textos escritos auténticos e adaptados e de extensión variada, identificando datos, opinións, argumentos, informacións implícitas e intención comunicativa do autor.
- Redactar con certa autonomía textos diversos cunha estrutura lóxica, utilizando as convencións básicas propias de cada xénero, o léxico apropiado ao contexto e os elementos necesarios de cohesión e coherencia, de maneira que sexan facilmente comprensibles para o lector
- Utilizar de forma consciente os coñecementos adquiridos sobre o sistema lingüístico da lingua estranxeira en diferentes contextos de comunicación, como instrumento de auto corrección e de autoavaliación das producións propias orais e escritas e para comprender as producións alleas
- Identificar, utilizar e explicar estratexias utilizadas, poñer exemplos doutras posibles e decidir sobre as máis axeitadas ao obxectivo da aprendizaxe.
- Usar as tecnoloxías da información e a comunicación con certa autonomía para buscar información, producir textos a partir de modelos, enviar e recibir mensaxes de correo electrónico e para establecer relacións persoais orais e escritas, mostrando interese polo seu uso.
- Identificar e describir os aspectos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira e establecer algunhas relacións entre as

características máis significativas dos costumes, usos, actitudes e valores da sociedade falante das linguas en estudo e a propia, e amosar respecto cara a elas.

- Reformular na lingua propia o sentido dun texto, oral ou escrito, sobre temas previamente traballados na aula, para facelo comprensible a interlocutores que descoñecen a lingua estranxeira en estudo.

4º ESO. PROGRAMA DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR

- Comprender e comunicarse no ámbito da clase empregando mensaxes básicas usuais
- Coimprender o esencial de mensaxes adaptadas grabadas ou lidas polo profesor, sobre temas traballados na clase.
- Participar en conversas breves dirixidas polo profesor, utilizando as estratexias necesarias para manter a comunicación, sobre temas de interese ou familiares para o alumno
- Ler e comprender textos escritos adaptados, sinxelos e de extensión limitada, de diferente tipo e traballados na clase
- Usar o diccionario
- Redactar textos sinxelos, con certas incorreccións morfosintácticas e recoñecendo a corrección formal, baseados en tarefas xa realizadas na clase
- Esforzarse en somprender e facerse comprender, e en realizar as tarefas da clase e as probas que esixa o profesor
- Manter unha actitude colaboradora cos compañeiros e mailo profesor
- Distinguir e apreciar as diferencias entre os países de fala inglesa e o noso

G - MÍNIMOS ESIXIBLES PARA A AVALIACIÓN POSITIVA:

Primeiro curso:

- Comprensión de mensaxes orais sinxelos gravados conectados cos seus intereses realizando actividades sobre os mesmos na aula.
- Comprensión de textos orais sinxelos gravados conectados cos seus intereses
- Producción de mensaxes orais curtas con estrutura lóxica e pronuncia que non impida a comunicación.
- Participación en conversas breves e sinxelas controladas dentro da aula
- Comprensión de instrucións básicas para a resolución de actividades escritas

- Comprensión xeral e identificación de informacións específicas en diferentes tipos de textos sinxelos auténticos e adaptados
- Composición de textos curtos sinxelos a partir de modelos.
- Coidado na presentación de textos escritos usando as regras básicas de ortografía e puntuación.
- Identificación de elementos morfolóxicos básicos como o substantivo, verbo, adxectivo, adverbio, preposición e conectores básicos.
- Identificación e uso de expresións comúns, de frases feitas sinxelas e de léxico de contextos concretos e cotiás.
- Uso progresivo de recursos para a aprendizaxe como dicionarios, libros de consulta, bibliotecas e TIC.
- Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva
- Interese por aproveitar as oportunidades de aprendizaxe creadas na aula
- Identificación dos principais costumes doutros países onde se fala a lingua estranxeira
- Coñecemento dalgúns trazos históricos e xeográficos dos países onde se fala a lingua estranxeira

Segundo curso:

- escoita e comprensión de mensaxes orais de progresiva dificultade sobre a vida cotiá
- Obtención de información xeral e específica de textos orais sobre asuntos cotiás
- Producción de mensaxes orais breves e coherentes sobre temas de interese persoal cunha pronuncia que non dificulte a comunicación
- Participación en situacións simuladas de comunicación en parellas ou grupos dentro da aula con pronuncia e entoación axeitadas
- Asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos e consolidación das asociacións grafía-son das mensaxes
- Comprensión da información xeral e específica en diferentes tipos de textos, sobre asuntos familiares e relacionados con outras áreas do currículo.
- Composición de textos coa axuda de modelos, aplicando estratexias da escrita(planificación, textualización e revisión)
- Presentación coidada dos textos escritos usando as regras básicas da ortografía e puntuación e valorando a súa importancia na comunicación escrita
- Identificación de elementos morfolóxicos no uso da lingua: substantivo, verbo, adxectivo, adverbio, preposición e conectores.

- Ampliación de expresións comúns, de frases feitas e de léxico apropiado a contextos cotiás e de contidos doutras materias do currículo
- Uso de recursos para a aprendizaxe como dicionarios, libros de consulta, bibliotecas e TIC.
- Participación en actividades de autoavaliación e uso de estratexias de autocorrección
- Recoñecemento e valoración da lingua estranxeira como instrumento de comunicación internacional
- Coñecemento dos acontecementos culturais diversos de tipo histórico, aspectos xeográficos ou literarios.

Terceiro curso:

- Comprensión de instrucións en contextos reais e simulados
- Escoita, identificación e comprensión de información xeral e específica de mensaxes de progresiva dificultade cara a cara o por medios audiovisuais sobre temas coñecidos
- Producción oral de descrições, narracións e explicacións breves sobre acontecementos, experiencias e coñecementos diversos
- Participación en conversas e simulacións sobre temas cotiás e de interese persoal con fins comunicativos
- Comprensión de información xeral e específica de textos auténticos sobre temas cotiás e de interese xeral e relacionados con contidos doutras áreas do currículo
- Uso de extratexias de lectura como identificación do contido con axuda de elementos textuais e non textuais, uso do contexto, de dicionarios ou regras de formación de palabras
- Producción guiada de textos sinxelos e estruturados, con elementos básicos de cohesión con estratexias básicas de planificación, textualización e revisión
- Interese pola presentación coidada dos textos escritos utilizando adecuadamente a ortografía e os signos de puntuación
- Uso autónomo de expresións comúns, frases feitas e léxico sobre temas de interese xeral, cotiás e relacionados con outras áreas do currículo
- Uso de estruturas e funcións asociadas a diferentes situacións de comunicación
- Organización e uso autónomo de recursos para a aprendizaxe como bibliotecas, dicionarios, libros de consulta ou as TIC
- Participación na avaliación da propia aprendizaxe e uso de estratexias de autocorrección
- Interese por aproveitar as oportunidades de aprendizaxe creadas na aula

- Identificación de trazos comúns e das diferenzas máis significativas entre os costumes e valores da lingua estranxeira e os existentes en Galicia
- Coñecemento dos elementos culturais máis significativos dos países onde se fala a lingua estranxeira: literatura, arte, música, cine.

Terceiro curso PDC:

- Comprender as palabras de mensaxes orais sinxelas.
- Comprender as palabras dos textos escritos.
- Coñecer as estruturas gramaticais correspondentes a este nivel.
- Captar o significado global das mensaxes orais sinxelas.
- Interpretar o significado global dos textos escritos adecuados ó seu nivel.
- Expresarse oralmente en situacións usuais.
- Escribir textos sinxelos co nivel adecuado de corrección ortográfica.

Cuarto curso:

- Escoita e comprensión do significado xeral e específico de conversas sinxelas sobre temas coñecidos, contestando a preguntas sobre eles
- Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais: contexto, coñecementos previos, identificación de palabras clave e da actitude do falante
- Participación activa en conversas e simulacións sobre temas cotiás con fins comunicativos
- Uso autónomo de estratexias de comunicación para iniciar, manter e terminar a interacción.
- Comprensión de instrucións sinxelas e comentarios básicos sobre traballos escritos
- Comprensión xeral e específica de diversos tipos de texto de interese xeral ou de contidos doutras materias do currículo
- Composición de textos diversos con léxico axeitado, con elementos de cohesión e utilizando estratexias da escrita como a planificación, textualización e revisión do texto
- Comunicación persoal con falantes da lingua estranxeira a través de correspondencia postal ou medios informáticos
- Uso de expresións comúns, frases feitas e léxico sobre temas cotiás, interese xeral e relacionados con outras materias do currículo
- Consolidación e uso de estruturas e funcións asociadas a diferentes situacións de comunicación

- Organización e uso máis autónomo de recursos para a aprendizaxe como bibliotecas, dicionarios, libros de consulta e recursos das TIC
- Participación na avaliación da propia aprendizaxe e uso de estratexias de autocorrección
- Interese por aproveitar as oportunidades de aprendizaxe creadas na aula e fóra dela
- Identificación das normas, costumes, actitudes e valores da sociedade cuxa lingua se estuda e respecto a patróns culturais diferentes
- Coñecemento dos elementos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira.

Asimismo entendemos que son contidos mínimos en todos os cursos do ESO tódolos contidos actitudinais que figuran na programación.

Cuarto curso PDC

- Comprender as palabras de mensaxes orais sinxelas.
- Comprender as palabras dos textos escritos.
- Coñecer as estruturas gramaticais correspondentes a este nivel.
- Empregar as estruturas gramaticais en contextos adecuados.

Captar o significado global das mensaxes orais sinxelas.

- Interpretar o significado global dos textos escritos sinxelos
- Participar en intercambios orais sinxelos
- Escribir textos sinxelos con adecuada corrección ortográfica

H. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Para chegar a cualificación de cada alumno/a se lle asigna a seguinte porcentaxe:

A porcentaxe asignada a cada proba ou control do grupo é do 90%. Poden ser probas de cada unidade, de dúas unidades ou probas trimestrais ou finais. Asimesmo haberá un exame da novela no segundo e terceiro trimestre.

A porcentaxe asignada a proba do desdoble é do 10%.

No caso de notas de medio punto redondease medio punto a alza ou a baixa tendo en conta os seguintes criterios:

- Traballo e atitude na clase.
- Realización de deberes (exercicios do workbook, traballos)

A nota de cada avaliación será a media ponderada de todas as probas realizadas na mesma.

Os traballos e probas lles serán devoltos aos alumnos correxidos e coa puntuación asignada a cada pregunta e apartado para que os alumnos realicen a súa autoavaliación e analicen os seus erros.

I. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Realizarase unha avaliación inicial ao principio do curso.

En cada clase se realizará unha avaliación formativa mediante unhas fichas que controlen o progreso de cada alumno sen esquecernos de fomentar a autoavaliación.

Finalmente o profesor realizará a avaliación sumativa mediante tests ou exames que deberán avaliar as catro destrezas: listening, writing, speaking and reading

Estos tests se realizarán unidade a unidade, ao final de cada trimestre, a final do curso e en setembro.

Estos tests constan de probas escritas de vocabulario, gramática, funcións e comprensión dun texto escrito, xunto cunha proba de comprensión oral e unha proba de expresión escrita.

Asimismo haberá traballos de aula e traballos de deberes: exercicios e composicións.

En toda clase de secundaria hai alumnos con ritmos de aprendizaxe e graos de motivación diferentes polo tanto hai que lograr que todos participen no proceso de aprendizaxe

A diversidade de exercicios e actividades utilizados no material do curso *Alive* fai posible que todos atopen algún que se adapte ó seu estilo de aprendizaxe, grazas ás diferentes posibilidades de acceder a un mesmo contido

En canto ós ritmos de aprendizaxe, unha gran cantidade de actividades permite que os que o necesiten dispoñan de actividades de ampliación ou de reforzo. Así, as unidades de repaso do libro do alumno, proporcionan unha variedade de actividades de reforzo, como tamén o fai o *Workbook*. Cabe destacar a importancia do Libro de Recursos que contén actividades de repaso de nivel moi básico, así coma actividades de ampliación a contidos xa vistos.

A Guía Didáctica axuda a responder ás diferenzas da aula, proporcionando actividades de ampliación para alumnos que terminan antes o seu traballo, e permitindo que can un traballe de acordo ó seu timo e nivel lingüístico. Hai actividades deliberadamente sinxelas que garanten que todos os alumnos poidan realizar algunha actividade con éxito. Isto contribúe a aumentar a confianza dos alumnos máis lentos

J. TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA

Na nosa área de linguas estranxeiras estamos levando a cabo o plan lector animando aos alumnos/as a ler lecturas adaptadas aos seus niveis en Inglés.

Na **Educación Secundaria** seleccionáronse dous libros de lectura en cada curso adaptados ao nivel do grupo. En gran grupo na clase, lese o libro escoitando o CD que o acompaña e logo a nivel individual realizamos fichas e exercicios de repaso da lectura e creamos mini-vocabularios. A lectura reforzase na casa a nivel individual. O exame da primeira novela será ao final do primeiro trimestre e o da segunda ao final do segundo trimestre. As lecturas son as seguintes:

Primer curso: *The Mummy's Secret. British Myths and Legends.* Edit. Burlington

Segundo curso: *Journey to the Centre of the Earth. The Swan and the Hitch Hiker.* Edit. Burlington

Terceiro curso: *The Picture of Dorian Grey. The Innocent Victim.* Edit. Burlington

Cuarto curso: *My family and Other Animals. A Foreigner in Britain.* Edit. Burlington

K. TRATAMENTO DO FOMENTO DAS TIC

A serie English Alive ten a súa propia páxina web (www.oup.com/elt/englishalive) onde os xogos interactivos dan a oportunidade de procesar información e consolidar coñecementos. Cos enlaces a outras páxinas web poden realizar actividades en tempo real. Proporcionaselle a cada alumno un Multi-ROM onde pode practicar o inglés de forma interactiva mediante xogos, diálogos, video clips interactivos en tempo real. Para exercitar as habilidades como buscar, obter, procesar e comunicar información dispónse en todas as unidades das seccións correspondentes de:

- O TRB con **actividades de DVD** para o seu uso opcional co DVD *English Alive!*
- O Students's MultiROM con **práctica interactiva** do SB, un **minidiccionario**, unha **sección de vídeo** con videoclips e **material de audio** para os ditados do WB.
- O DVD ofrece: **informes** de mozos británicos, temas relacionados con adolescentes, **preguntas de comprensión** en pantalla, **repaso de vocabulario e estruturas**, **subtítulos opcionais** en inglés.

A relación destas actividades veuse facilitada este curso pola creación dun aula interactiva de idiomas que conta cun proxector conectado ao ordenador e ordenadores portátiles para os alumnos.

Asimesmo o profesorado do departamento participou nun curso sobre TICs dentro dun aula CESGA e algúns dos profesores crearon este curso a súa propia aula CESGA para colgar materiais e recoller traballos dos alumnos.

L - REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES

Os contidos esixibles para a superación das materias pendentes serán os contidos mínimos sinalados na programación.

Haberá dous exames para alumnos co Inglés de cursos anteriores pendente, unha en Xaneiro e outra en Maio, esta para aqueles que non aprobaran en Xaneiro. O calendario

de materias pendentes será establecido polo Xefe de Estudos atendendo as suxerencias dos Xefes de Departamento e fárase público no taboleiro de cada aula.

Asemade o profesor fará un seguimento especial na aula do seu progreso no curso actual e, dado que estamos ante unha materia progresiva que se desenvolve ao longo de catro cursos e que se repite continuamente, a superación dos traballos e exames do curso actual na primeira e segunda avaliación suporá automaticamente a superación da materia pendente do curso anterior.

Os alumnos pendentes de ESO teñen que facer o cadernillo de *Basics* e *Workbook* do ano anterior que entregarán ao profesor.

Os alumnos pendentes de bacharelato deberán realizar os exercicios do workbook do ano anterior e os exercicios extras fotocopiados polo profesor.

M – ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS XERAIS

Partindo das situacións diversas da comunicación en inglés, o obxectivo principal é desenvolver a competencia comunicativa xeral do alumno, a súa expresión e comprensión oral e escrita. Tamén é obxectivo desenvolver a súa capacidade para comprender e valorar reflexivamente outras culturas e maneiras de pensar distintas das súas.

Posto que os alumnos teñen necesidades educativas especiais, será necesario reforza-las súas técnicas básicas de traballo relacionadas coa asignatura: a reflexión sistemática sobre a súa aprendizaxe, a súa autoevaluación e autocorrección, sempre animándolles a pedir asesoramento ao profesor. Será necesario reforza-la súa motivación para aprender, intentando desenrolar neles máis interese pola asignatura, valéndose o profesor dos medios complementarios dos que dispón o seminario, e tamén con charlas ou debates cos alumnos sobre temas do seu interese relacionados cos países de fala inglesa. Desenvolverase a competencia comunicativa dos alumnos, garantindo que asimilen as regras gramaticais da lingua inglesa e adquieran o vocabulario básico necesario para comunicarse, utilizando a lingua inglesa sempre que sexa posible.

Realizaranse explicacións claras e unha práctica progresiva co workbook.

Proporcionaranse aos alumnos ferramentas para expresarse oralmente e por escrito sobre temas interesantes e motivadores.

Fomentarase a autoaprendizaxe e a autocorrección facendo que os alumnos se convirtan en estudantes independentes.

Trasladaranse aos alumnos aspectos da cultura británica e propiciarase unha comparación coa propia cultura.

Realizaranse actividades de pair work e traballos en grupo.

Utilizaranse materiais auténticos con actividades motivadoras procurando que o maior número de grupos posible realice actividades na aula de informática cos ordenadores.

A atención á diversidade realizarase mediante actividades de reforzo e de ampliación.

Trataranse con frecuencia aspectos socioculturais e temas transversais.

Acentuando a funcionalidade da aprendizaxe, e como complemento ao seu traballo diario, é conveniente a realización dun proxecto educativo en cada avaliación. Este proxecto estará relacionado con algún dos temas traballados na clase, ou relacionado con algún tema transversal. Servirá para reforza-la súa aprendizaxe.

N - LIBROS DE TEXTO, MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

1º ESO: *English Alive!* 1. Edit. OUP

2º ESO: *English Alive!* 2. Edit OUP.

3º ESO: *English Alive!* 3. Edit. OUP.

3º ESO-PDC: *Good Move*. Edit. OUP.

4º ESO: *English Alive!* 4. Edit OUP

4º ESO PDC: *Smart Move*. Edit. OUP.

O material de que consta cada texto e o seguinte:

Student's Book

Workbook

Guía Didáctica

Teacher's Guide

4-in-1 Resource Book

Fun Pack

DVD

Video

MultiROM

CD e casete

Libros de lectura obrigatoria:

1º ESO: *The Mummy Secret*., *Mauree Reynolds*, Edit.. Burlington Books

British Myths and Legends, *Julie Hart*, Edit.. Burlington Books

2º ESO: *Journey to The Centre of the Earth*, *Jules Verne* Edit.. Burlington Books

- The Swan and The Hitch Hiker, *Roald Dahl*, Edit.. Burlington Books
- 3º ESO: The Picture of Dorian Grey, *Óscar Wilde*, Edit.. Burlington Books
- The Innocent Victim, *Simón Betterton*, Edit.. Burlington Books
- 4º ESO: My Family and Other Animals, *Gerrald Durrel*, Edit.. Burlington Books
- A Foreigner in Britain, *Ramón Ibarra Rubio and Fiona Smith*, Edit.. Burlington Books

O departamento conta co seguinte equipo audiovisual:

- 2 televisores
- 2 reprodutores de DVDs.
- 1 reproductor de videos
- 6 reprodutores de CDs e cassettes.
- ordenador e impresora
- 6 ordenadores portátiles (a compartir cos demais Departamentos)
- 1 proxector (a compartir cos demais Departamentos)

Asimesmo temos películas en formato video e DVD, cintas de audio, dicionarios, lecturas graduadas, libros de consulta e apoio, revistas, folletos, posters, xogos e libros de texto. Algúns dos libros están no departamento e outros na biblioteca.

O. PROGRAMACIÓN DE TEMAS TRANSVERSAIS.

En *English Alive* tívose un gran coidado ao tratar este aspecto. Os personaxes principais non mostran características distintas polo feito de ser mozos ou mozas, e insítese en que tanto uns coma outros poden realizar calquera tipo de actividade.

A lingua inglesa, como reflexo dunha realidade sociocultural, fomenta nos alumnos a reflexión sobre este tema, a través de termos que fan referencia ás persoas sen especificar o sexo.

As unidades do curso abordan contidos como a igualdade no ámbito escolar, laboral e deportivo, o trato igualitario dos fillos e das fillas na contorna familiar, etc.

Educación moral e cívica

O material do curso móstralles aos alumnos aspectos da vida cotiá nos que é necesario respectar unhas normas básicas, e adoptar actitudes positivas e solidarias para a convivencia en sociedade.

Educación para a paz

Na loita por alcanzar un mundo sen conflitos nacionais e internacionais, é fundamental inculcarlles ás novas xeracións o respecto por sociedades e culturas distintas ás de cada cal. O material curricular mostra a realidade plural do Reino Unido, e ofrécena como modelo de convivencia harmónica, ao coincidir nacionalidades diferentes e contar cunha numerosa poboación de orixe asiática e afrocaribeña, de razas e crenzas diferentes.

A contribución de homes e mulleres de diferentes partes do mundo ao acervo cultural e ao progreso pacífico da humanidade serve para reforzar a idea dun mundo que pode desenvolverse sen recorrer á violencia para solucionar os seus conflitos.

En canto a contidos específicos, trátanse cuestións como a relación con familiares e amigos, a comunicación a través dunha lingua que non é a nosa, o respecto por culturas, razas e crenzas diferentes, a música como medio de entendemento entre os mozos, as achegas de diversos países á cultura e ao progreso da humanidade, etc.

Educación para a saúde

Utilizando a lingua estranxeira como vehículo, os alumnos reflexionan sobre aspectos que inciden no mantemento dun bo estado de saúde, tanto física como mental.

Educación ambiental

Ao longo do curso resáltase a necesidade de respectar o medio ambiente, reflexionando sobre o papel que o medio natural xoga no equilibrio ecolóxico do planeta, e as accións que poden danalo. Esta reflexión é unha chamada de atención sobre situacións, provocadas polo home e prexudiciais para el, que é preciso corrixir, e pretende espertar nos alumnos unha maior conciencia ecolóxica.

Educación sexual

A educación sexual recibe un tratamento adecuado á idade dos alumnos desta etapa formativa. Personaxes masculinos e femininos cos que poden identificarse facilmente relaciónanse con naturalidade e sen inhibicións, participan xuntos en actividades de tempo libre e axúdanse uns a outros.

Os contidos de educación sexual, xunto cos de igualdade de oportunidades de ambos sexos, axudarán os alumnos a conseguir un equilibrio psicolóxico adecuado nas relacións con membros do sexo oposto, levándoos a desenvolver unha sexualidade sa e aberta. Son contidos desta área as relacións e a correspondencia entre adolescentes de ambos sexos, e a igualdade entre eles en todos os ámbitos.

Educación do consumidor

A reflexión sobre este tema faise a partir de situacións próximas aos adolescentes desta idade: tomar algo nunha cafetería, comprar roupa, utilizar os medios de comunicación de masas, ir de viaxe. As situacións suscitadas conducen a unha reflexión sobre o hábito de consumir e a importancia de facelo de xeito sensato, comprando aquilo que necesitamos sen malgastar nun desmedido afán de consumo.

Educación vial

Unha vez máis, este tema transversal trátase de forma integrada no material do curso, a través de imaxes que reflicten un comportamento cívico dos personaxes á hora de circular por diversas vilas e cidades, e o hábito de recorrer ao transporte público e á bicicleta para viaxar sempre que lles é posíbel.

A continuación ofrecemos unha lista de datas idóneas para motivar a reflexión e o traballo sobre os temas transversais tanto por medio de actividades normais de aula como por medio de actividades extraordinarias.

16 de outubro:	Día mundial da alimentación
17 de outubro:	Día mundial da erradicación da pobreza
20 de novembro:	Día dos dereitos do neno e da nena
1 de decembro:	Día mundial da SIDA

3 de decembro:	Día internacional de persoas con minusvalías
6 de decembro:	Día da Constitución española
10 de decembro:	Día dos dereitos humanos
30 de xaneiro:	Día escolar da non-violencia e da paz
8 de marzo:	Día internacional da muller
15 de marzo:	Día internacional do consumidor
21 de marzo:	Día internacional contra a discriminación racial
22 de marzo:	Día mundial da auga
7 de abril:	Día mundial da saúde
9 de maio:	Día de Europa
31 de maio:	Día mundial sen tabaco
5 de xuño:	Día mundial do ambiente

P - ATENCIÓN A DIVERSIDADE:

As actividades de reforzo e ampliación permiten darlles unha atención individualizada aos alumnos, segundo as súas necesidades e o seu ritmo de aprendizaxe. No noso proxecto inclúense ideas en todas as leccións para que o profesor dea resposta ás diversas situacións que se suscitan na aula.

No material destinado ao profesor, a *Guía Didáctica*, propóñense actividades de reforzo e consolidación para os alumnos así como notas para o profesor, consellos didácticos, para afrontar diferentes expectativas do alumnado.

No *Teacher's Resource Pack*, un dos seus compoñentes, o *Photocopy Masters Book*, o profesor dispón de páxinas fotocopiábeis de consolidación e de ampliación por unidade.

DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR:

1.- OBXECTIVO XERAL.

Conseguir que os alumnos de terceiro e cuarto da ESO con necesidades educativas cumpran os criterios mínimos da promoción de terceiro curso establecidos polo Seminario de Inglés deste centro, Rosais II de Vigo.

2.- METODOLOXÍA.

Partindo das situacións diversas da comunicación en inglés, o obxectivo principal é desenvolver a competencia comunicativa xeral do alumno, a súa expresión e comprensión oral e escrita. Tamén é obxectivo desenvolver a súa capacidade para comprender e valorar reflexivamente outras culturas e maneiras de pensar distintas das súas.

Posto que os alumnos teñen necesidades educativas especiais, será necesario reforza-las súas técnicas básicas de traballo relacionadas coa asignatura: a reflexión sistemática sobre a súa aprendizaxe, a súa autoevaluación e autocorrección, sempre animándolles a pedir asesoramento ao profesor. Será necesario reforza-la súa motivación para aprender,

intentando desenrolar neles máis interese pola asignatura, valéndose o profesor dos medios complementarios dos que dispón o seminario, e tamén con charlas ou debates cos alumnos sobre temas do seu interese relacionados cos países de fala inglesa.

Acentuando a funcionalidade da aprendizaxe, e como complemento ao seu traballo diario, é conveniente a realización dun proxecto educativo en cada avaliación. Este proxecto estará relacionado con algún dos temas traballados na clase, ou relacionado con algún tema transversal. Servirá para reforza-la súa aprendizaxe.

R - ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Ó longo do curso prepararase un intercambio cun centro dun país de fala inglesa.

Aqueles alumnos que o desexen, poden presentarse ás probas do ESOL do Trinity College London.

Os alumnos de 4º ESO asistirán a unha obra de teatro en inglés.

Os alumnos de 1º ESO prepararán e participarán nun concurso de deletreo (*Spelling Bee*)

Asdo...: A Xefa de Departamento: María C. Otero Rodríguez